

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA A UCRAÍNA (AGA-UCRAÍNA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “PROXECTO DE TRANSPORTE DE AXUDA HUMANITARIA A UCRAINA

(1) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 reconece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico.

(2) Antecedentes: a Asociación Galega de Axuda a Ucraína (AGA-UCRAÍNA) é unha entidade de recente constitución que nace a raíz da invasión rusa de Ucraína o pasado 24 de febreiro de 2022 como medio de resposta rápida á necesidade de subministracións básicas para os civís en Ucraína. Este proxecto, aínda que de recente implantación, é continuidade de actuacións anteriores, nas que enviáronse con éxito un total de 16 camións e unhas 15 toneladas de subministracións, dando un total de unhas 240 toneladas de subministracións desde o inicio do conflito. Nun primeiro momento, os envíos realizados baseáronse tanto nos chamamentos internacionais de outras organizacións non gobernamentais, así como en chamadas dos propios familiares a residentes en Galicia, os cales tomaron a iniciativa de unirse e cooperar. Actualmente, a asociación obtén información directa e actualizada das ONGs colaboradoras con sede en Ucraína.



(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a entidade “AGA UCRAÍNA” para a execución do “proxecto de transporte de axuda humanitaria a Ucraína”.

(4) O convenio ten por obxecto contribuír a cubrir á necesidade de subministracións básicas da poboación civil de Ucraína debido ao desabastecemento que provocou o conflito bélico.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso aunar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación afectada polo conflito bélico.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 13.300,00 € (trece mil trescentos euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

